

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín (presidente)
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Bravo Bosch, María José (secretaria)
Cuevas Alonso, Miguel
García González, Silvia
Lima González, Estela
López Escobar, Juan José
Escusan a súa asistencia:
Currás Valle, María Consuelo
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do venres, **14 de febreiro de 2025**, ás 10:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:45 h. en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **14 de febreiro de 2025** ás 10:45 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 22 de xaneiro de 2025.

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta ao non haber ningunha corrección á mesma.

Apróbase por asentimento.

2. Decisións a adoptar, se procede, sobre as consultas recibidas na Secretaría Xeral en relación coas eleccións de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento.

Non hai decisións a adoptar, por non haber ningunha consulta.

3. Resolución, se procede, das reclamacións aos censos provisionais das ditas eleccións.

As reclamacións estaban na documentación remitida aos membros da Comisión, cos dereitos de opción e as modificacións realizadas.

Juan José López Escobar intervén con respecto aos censos do PDI B do Departamento de Enxeñaría Telemática, para dicir que os contratados que figuran no censo cre que é un censo moi reducido con respecto á realidade que teñen no seu Departamento. Ademais, reclama unha maior publicidade por parte da xunta electoral.

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos censos definitivos das ditas eleccións.

Apróbanse por asentimento.

5. Sorteo da letra para a confección das papeletas das ditas eleccións (artigo 9 de regulamento).

Faise o sorteo pertinente, sae a letra 'D' como primeira letra, e a 'O' como segunda letra.

Apróbanse por asentimento.

6. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, da proclamación provisional das persoas candidatas das ditas eleccións.

Considérase o máis práctico para o proceso electoral.

Apróbase por asentimento.

7. Outros asuntos de interese.

Fálase da consulta feita por unha directora de departamento con respecto a interpretación da disposición adicional 1ª da LOSU en relación aos mandatos dos cargos unipersoais.

Os membros da Comisión recibiron como documentación un informe da Asesoría Xurídica en relación con este tema e, de acordo co mesmo, debemos responder que, en tanto non se aproben os novos estatutos, os órganos unipersoais con mandato de 3 anos seguirán rexendo polas previsións e regulacións contidas nos actuais Estatutos da Universidade de Vigo.

8. Quenda de intervencións.

Juan José López Escobar comenta que moita xente matriculada no Máster de Enxeñaría de Telecomunicación non figuraba en ningún censo, nin de estudante nin como PDI-B.

Dende a Secretaría Xeral vaise tentar para o futuro a depuración dos censos e, se teñen contrato laboral, que figuren no sector do PDI-B.

Tamén pregunta pola adscrición do persoal técnico ao PTXAS, que pasou case un mes e era o prazo que lle dixeran o reitor para valorar este tema. O reitor indica que lle vai a dar unha resposta.

O reitor agradece o traballo que está a facer a Secretaría Xeral para as vindeiras eleccións, sobre todo á coordinadora da Secretaría Xeral, polo esforzo e dedicación.

Non hai rogos nin preguntas.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 11:20 h., do que eu, como secretaria da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral